

Cuestión teórica nº7

O Réxime feudal e a sociedade estamental.

Nesta pregunta o alumnado debería facer referencia ás peculiaridades do feudalismo na Península Ibérica polo contexto da Reconquista, sinalar os trazos comúns das monarquías feudais peninsulares (carácter patrimonial e hereditario do reino, erosión do poder monárquico, inexistencia dun poder centralizado, relación de vasalaxe como base do poder) e explicar as diferenzas esenciais da concepción do poder do monarca nas coroas de Castela e Aragón. No apartado da sociedade debería referirse aos rasgos fundamentais da sociedade estamental.

A resposta básica debe incidir nos seguintes apartados:

- A ausencia dun poder centralizado do Estado polas dificultades do monarca para exercer a súa autoridade en todos os dominios.
- O consecuente fortalecemento da nobreza laica e eclesiástica.
- O carácter patrimonial do reino e a condición hereditaria da monarquía.
- As relacións de vasalaxe como base do poder: formación da pirámide feudal en razón dos diferentes lazos de dependencia establecidos.
- A organización e principais características dunha sociedade estamental na que uns grupos posuían privilexios e vantaxes xurídicas, e os outros non.
- Diferenzas na concepción da monarquía entre as Coroas de Castela e a de Aragón (autoritarismo/pactismo).

Para sacar notable, ademais de facer referencia a estas cuestións básicas, débese explicar cunha certa profundidade cando menos unha delas. Para o sobresaliente, débese afondar nunha ou explicar cunha certa profundidade cando menos dúas delas.

Nos séculos IX e X alteráronse profundamente as estruturas sociais e políticas. No campo nacen unhas novas relacións sociais e económicas baseadas no réxime señorial, que transforman tamén os modos de ocupación do territorio e os da produción agraria. Xeneralízanse as vilas como tipo básico de asentamento concentrado. As vilas, xunto coas aldeas, eran a grande unidade de explotación agraria. Eran propiedade dun señor que a dirixía directamente ou por medio dun administrador chamado villicus. O traballo da terra correspondía a domésticos e servos. Ás veces dependían das vilas núcleos menores, os vilares ou casais.

A consolidación deste sistema configurou unha estrutura social con dúas clases principais: a nobreza propietaria, encabezada polos condes, bispos e abades, e a numerosa masa de campesiños. Produciuse ademais unha concentración crecente da propiedade da terra e de toda a riqueza nas mans da nobreza por diferentes vías: moitos campesiños libres foron “encomendándose” a un señor ao que lle entregaban as súas terras a cambio de protección, outros perdíanas por non poderen pagar as débedas e a outros simplemente llas confiscaban os poderosos mediante multas ou coaccións.

Nace así a sociedade feudal, na que a sociedade e a política se articulaban nunha pirámide de relacións de dependencia persoal, baseada na contraprestación de protección ou axuda a cambio de bens. Os nobres exercían o poder político en nome do rei nunha comarca ou localidade concreta e debían prometerlle fidelidade e axuda militar en caso necesario. Teoricamente, o poder político desta nobreza era só unha delegación do rei que podía retirala en calquera momento, pero na realidade ese poder era autónomo dabondo.

A feudalización da sociedade cristiá peninsular é un proceso que comezou nos séculos IX e X, e triunfou plenamente nos séculos XI e XII. A pesar da variedade de situacións, o proceso de feudalización presentou unha serie de trazos comúns e n todos os territorios:

- Erosión do poder monárquico. O rei non dispoñía de poder para ofrecer seguridade e xustiza en todos os seus dominios. Esta perda de poder produciuse como consecuencia das concesións económicas e xurídicas (privilexios) que concederon aos nobres a cambio dos seus servizos.
- Fortalecemento, polo tanto, da nobreza, tanto laica como eclesiástica, que foi consolidando as concesións reais e logrou convertelas en hereditarias. A nobreza converteuse, desta maneira, na representación do Estado nos dominios que controlaba, xa que o rei se atopaba demasiado lonxe, física e politicamente, da maioría da poboación.
- Inexistencia dun poder centralizado do Estado sustentado nunha forza coercitiva (exército propio) e nun código legal público e único. Esas funcións substituíronse por un sistema de relacións persoais.
- Relacións de vasalaxe como base do poder. O rei era o señor supremo dun territorio, a quen todos lle debían obediencia e fidelidade, pero a cambio tiña que outorgar aos seus vasallos un beneficio ou feudo: terras e/ou dereitos xurisdiccionais. O sistema era moito máis complicado xa que, á súa vez, os grandes nobres empregaban este tipo de relacións con outros de inferior categoría, formándose así unha pirámide de dependencia (pirámide feudal). De acordo con estas obrigacións feudais, cada noble importante dispuña dun exército particular de vasallos ao seu servizo e o exército do rei estaba formado pola unión desas mesnadas particulares dos nobres e eclesiásticos.
- Fragmentación da autoridade e réxime señorial. Aínda que o rei tiña a autoridade suprema, compartía con nobres e eclesiásticos a capacidade de mandar e xulgar os habitantes do reino. Estes grupos lograron, ben pola súa forza militar ou polos favores prestados ao rei, transformar moitas das súas terras, incluídos os lugares e cidades, en señoríos, é dicir, en territorios onde eles exercían a xustiza, nomeaban alcaldes e xuíces, establecían e cobraban taxas e impostos, autorizaban todo tipo de actividades, posuían en exclusiva o dereito de establecer muíños e fornos e aproveitar o monte.

A España medieval non seguiu exactamente os patróns de feudalización doutros lugares de Europa. A ocupación musulmá, a guerra intermitente, pero constante durante cinco séculos, as formas de repoboación do territorio,

orixinaron formas de poder monárquico e nobiliario diferentes e condicionaron a categoría social e xurídica do estado raso. Na actualidade, porén, admítese que a sociedade hispánica foi adquirindo trazos claramente feudais.

O feudalismo implantouse con rapidez na zona que estivo baixo influencia franca (a Marca Hispánica). Cara o século XI, as necesidades de protexer o territorio levou os nobres a prescindiren da autoridade dos condes e converteron o seu cargo en hereditario. Así mesmo, moitos campesiños, libres e propietarios das súas terras, convertéronse en servos. Nos outros territorios peninsulares tamén se produciu a consolidación das relacións feudovasaláticas e creáronse múltiples señoríos laicos e eclesiásticos. O feito de que as repoboacións lles outorgasen terras aos campesiños non significou que esta situación se mantivese inalterable. A necesidade de protección fixo que moitos deles evolucionasen cara a un réxime de dependencia que os acabou convertendo en servos.

Deste xeito, a finais do século XIII, a Península Ibérica estaba rexida por unha rede de relacións señoriais, nas que os nobres e o clero obtiñan rendas das súas propiedades e exercían dereitos xurisdicionais, mentres que os campesiños, aínda que dispoñían do dominio útil da terra, se atopaban sometidos á xurisdición señorial.

A sociedade medieval estaba articulada ao redor de tres estamentos: a nobreza e mais o clero constituían os grupos privilexiados, mentres que o estado raso ou xente do común estaba formado por o campesiñado e a incipiente burguesía das cidades. Os privilexiados baseaban o seu poder na posesión de terras, estaban exentos do pagamento de impostos e sometidos a leis especiais.

Dentro dos privilexiados cómpre diferenciar entre:

- A nobreza, que a podemos dividir en alta nobreza, que coas repoboacións converteuse en propietaria de grandes extensións de terra, e pequena nobreza (fidalgos, infanzóns, cabaleiros...), que ao finalizar o proceso de conquista foi empobrecendo de xeito paulatino. A vinculación da terra ás liñaxes nobiliarias consolidouse no século XIV coa institución do morgado, que permitía manter o patrimonio ligado ao título. Deste xeito, os bens pasaban ao herdeiro, de forma que o groso do patrimonio dunha familia non se dividía.
- O clero, que posuía tamén grandes señoríos e os seus ingresos completábanse co obrigado pagamento do décimo.

Os campesiños constituían a meirande parte da poboación, pero a súa situación non era homoxénea. Na meirande parte do norte peninsular predominaban os campesiños libres e propietarios de pequenas extensións, mentres que en Cataluña estaban suxeitos a servidume. Cara o sur, o avance da conquista cristiá supuxo a configuración de grandes señoríos nobiliarios e eclesiásticos traballados por campesiños en réxime de servidume. En calquera caso, eran moitas as súas obrigas cos propietarios da terra ou cara aos señores xurisdicionais (aqueles que tiñan o dereito de goberno sobre un territorio).

A burguesía coñeceu unha notable expansión a partir do século XIII co crecemento das cidades, sobre todo na Coroa de Aragón, onde o desenvolvemento de actividades manufactureiras e comerciais enriqueceu este grupo social, que foi gañando influencia. A burguesía foise convertendo na gran financeira das monarquías, a través da súa representación nas Cortes e nos concellos municipais.

Existían tamén dúas importantes minorías, os xudeus e os mudéxares, así como algunhas formadas por mercadores doutros reinos (xenoveses, francos...), moitas veces protexidos polos monarcas. Os xudeus habitaban nas xudarías das cidades e dedicábanse preferentemente ao comercio, á artesanía e ao préstamo. As relacións cos xudeus foron boas ata o século XIII, cando comezaron a ser frecuentes as persecucións e os asaltos ás xudarías. Os mudéxares eran os musulmáns que non fuxiran tras a conquista cristiá e dedicábanse fundamentalmente ao cultivo da terra. Aínda que vivían marxinados, non foron perseguidos debido á súa situación de pobreza.

Os tres grandes reinos peninsulares, quitado Portugal (Coroa de Castela, Reino de Navarra e Coroa de Aragón) presentaban unha estrutura política semellante, baseada en tres institucións: a monarquía, as Cortes e os municipios, aínda que cada reino tiña as súas peculiaridades.

Na Idade Media, os monarcas críanse escollidos por Deus para gobernaren os seus reinos. Os reinos considerábanse un patrimonio do monarca, que podía dividilos ou unilos segundo os seus intereses. Deste xeito, era frecuente que un rei repartise o reino entre os seus herdeiros ou que, como consecuencia dun casamento, se agrupasen reinos separados anteriormente. Así, os monarcas medievais exercían o poder supremo e podían declarar a guerra, convocar o exército, ditar leis, impartir xustiza e acuñar moeda. Ao seu redor organizaron unha corte de conselleiros que acabou converténdose no Consello Real. Tamén existía unha Curia (Tribunal de Xustiza), unha Chancelería (administración) e unha Tesouraría (finanzas).

Na Coroa de Castela a monarquía tivo un carácter máis autoritario e menos feudal que na Coroa de Aragón. O rei dispuña de poderes máis amplos, como a facultade de declarar a guerra, ditar leis e impartir xustiza. A unificación de Castela e León no 1230 implicou un proceso de centralización administrativa e creación dun dereito xeral monárquico, o Código das Sete Partidas de Afonso X, que estableceu unha certa uniformidade xurídica do reino e quedou definitivamente asentado no Ordenamento de Alcalá, un conxunto de 58 leis promulgadas con ocasión das Cortes reunidas por Afonso XI en Alcalá de Henares en 1348. Este proceso centralizador contou coa oposición da nobreza e dos concellos, ao reforzar o poder real. Só as terras vascas incorporadas a Castela seguiron rexéndose polas súas normas habituais e os seus foros particulares.

Na Coroa de Aragón o arraigo das estruturas feudais e do poder nobiliario impulsaron o pactismo, polo cal o monarca vía limitadas as súas atribucións. Así, o exercicio do poder baseábase nun equilibrio entre o poder real e as diferentes institucións, e o monarca estaba sometido ao control da nobreza a través das Cortes. O pactismo quedou definitivamente consolidado a finais do século XIII, cando Pedro III dotou as Cortes da función lexislativa, ata daquela exclusiva do monarca. As leis debían aprobarse de común acordo entre os estamentos, e o rei comprometéase a respectar o dereito e os costumes do territorio fixados nun código que en Cataluña recibía o nome de Usatges. En Aragón, os Foros, en 1247, recolleron as normas tradicionais medievais, e en Valencia promulgáronse os Furs en 1261.

As Cortes era a reunión co rei dos tres brazos ou estamentos: nobiliario, eclesiástico e cidadán. Comezaron a formalizarse a raíz do crecemento das cidades e do auxe dunha rica burguesía que o rei desexaba incorporar aos órganos de goberno, a carón da nobreza. O monarca adoitaba convocar Cortes para pedir recursos económicos para as súas campañas militares (subsídios). Por iso interesáballe contar coa burguesía, xa que a nobreza estaba en parte exenta do pagamento de impostos. As primeiras Cortes que se crearon na Península foron as do reino de León no ano 1188 e, máis adiante, as do reino de Castela en 1217. Coa unión dos reinos de Castela e León, as Cortes comezaron a convocarse xuntas, aínda que tamén se reuniron por separado ata o século XV. As Cortes castelás mantiveron sempre un carácter consultivo e de aprobación dos subsidios.

Na Coroa de Aragón cada reino tiña as súas propias Cortes: Aragón, Cataluña e Valencia. Diferenciándose de Castela, gozaban dunha certa función lexislativa e votaban os impostos. A partir do século XIV creouse en Cataluña unha delegación permanente das Cortes, que recibiu o nome de Generalitat. A súa función era recadar impostos e vixiar polo cumprimento das leis.

No reino de Navarra, as Cortes reuníronse por primeira vez en 1253. O monarca tiña que respectar os foros, dereitos e tradicións do reino. Os foros constituían unha limitación do poder real, pola que o rei debía consultarlle certas decisións ao Consello Real, e máis adiante ás Cortes. O Foro Xeral de Navarra foi recompilado entre os anos 1234 e 1253.

Os municipios gozaban dunha certa autonomía e xurisdición propia. En principio, estaban rexidos por uns cabidos abertos, pero a expansión e o crecemento urbano do século XIII impulsaron a institucionalización do réxime municipal. En Castela, os cabidos foron substituídos por uns concellos electivos, que acabaron dominados pola nobreza. Máis adiante, xurdiu a figura do corrixidor, representante do poder real nas cidades. A súa función era asegurar que non se tomaban decisións contrarias aos intereses da monarquía.

Na Coroa de Aragón, Xaime I estableceu a organización dos municipios, sobre todo o de Barcelona, que quedou en mans do chamado Consell de Cents, unha asemblea formada por cen cidadáns escollidos. No entanto, os seus cargos foron axiña acaparados pola burguesía rica, feito que implicou o descontento doutros grupos sociais, que, marxinados do poder, se enfrontaron a esta nova oligarquía urbana.